
**ACTUALIZACIÓN DO PROXECTO
DA ROLDA LESTE DE LUGO:
TREITO II: LU-530- N-VI**

1. Obxecto da Actuación

O obxecto do presente proxecto é a construción dunha estrada de novo trazado que complete a Rolda Leste de Lugo, variante que rodea o núcleo urbano de Lugo polo sueste, completando a variante exterior que constitúe a A-6.

2. Plan de estradas

Trátase dunha estrada de novo trazado, que se integrará na Rede Estruturante da Xunta de Galicia.

3. Descrición da actuación

A estrada de novo trazado é multicarril con dobre calzada, unha por sentido de circulación. Iníciase na LU-530 onde existe unha glorieta a nivel, no punto quilométrico p.q. 2+460 da Rolda Leste, a partir deste punto diríxese cara o sur ata unha segunda glorieta existente na Avenida de Madrid, no p.q. 5+350 da Rolda Leste, onde se conecta coa N-VI. A estrada está valada e non se permiten os accesos salvo nas glorietas que delimitan os treitos do trazado. Os principais condicionantes ao trazado son o cruce baixo a liña de FF.CC. existente no p.q. 3+700, que se resolve cun dobre marco e o cruce do val do río Fervedoira no p.q. 5+100, mediante un viaduto dobre de 120 metros de lonxitude.

4. Características técnicas

Lonxitude da estrada: 2.890 m

Seccións tipo: a sección proxectada presenta as dimensións previstas na normativa para unha estrada multicarril C-100, dous carrís por sentido de 3,5 m, beiravía interior de 1 m e exterior de 2,5 m, bermas de 1 m e mediana de 2 m.

Firmes: considérase un tráfico T2 para o que se define un paquete de firme formado por 3 cm de BBTM11B BM-3b, 6 cm de AC22BIN50/70S, 9 cm de AC32BASE50/70G e 22 cm de explanada.

Estruturas: constrúense dous pasos superiores nos p.q. 2+675 e 4+005, tres pasos inferiores nos p.q. 3+220, 4+278 e 4+852, unha estrutura tipo marco baixo o FF.CC., varios muros e un viaduto sobre o río Fervedoira (p.q. 5+030 ao 5+185).

O viaduto sobre o río Fervedoira presenta dous taboleiros, un por cada sentido de circulación, desfasados en dirección lonxitudinal para adaptarse ao cruce sobre o río e a estrada CP-29-25, presenta unha lonxitude total de 118,90 m, distribuídos en catro vanos de luces 29,45 + 30,00 + 30,00 + 29,45. A solución adoptada consiste nunha ponte isostática de catro vanos, con taboleiro formado por unha viga prefabricada de formigón pretensado con sección tipo artesa de 1,80 m de canto. A altura das pilas varía entre os 11,30 m. e os 14,70 m. de altura. A cimentación das pilas resolveuse de forma profunda mediante a execución de pilotes cortos, que se empotran no macizo rochoso.

5. Poboación Servida

Lugo e área de influencia	120.000 hab
Total da poboación servida	120.000 hab

6. Concellos afectados

Lugo

7. Expropiacións

Parcelas afectadas 135, que supoñen	200.426,01 m ²
Expropiacións solo	423.651,27 €
Bens e Dereitos afectados	45.150,00 €
Premio de afección	23.440,06 €
Orzamento Total Expropiacións	492.241,33 €

8. Prazo de execución

O prazo de execución das obras previsto é de TRINTA (30 meses).



9. Orzamento

Orzamento Base de Licitación	18.992.332,61 €
Orzamento Expropiacións	492.241,33 €
Servizos afectados	40.694,21 €
Seguimento e control arqueolóxico	8,982,10 €
Plan de control e vixilancia	131.599,66 €
Orzamento para Coñecemento da Administración	19.665849,91 €

10. Orzamento por concello e estrada

<u>Concello</u>	<u>Estrada</u>	<u>Orzamento</u>	<u>%</u>
Lugo	Novo trazado	19.622.901,15 €	100 %


Situación




Planta de situación




Secciones tipo



SECCIÓN TIPO EN RECTA DEL TRONCO
SECCIÓN DE FIRME 222
Escala 1:100




SECCIÓN TIPO EN CURVA DEL TRONCO
SECCIÓN DE FIRME 222
Escala 1:100



NOTA: Se dispondrá únicamente 25cm de S-B22

SECCIÓN TIPO EN ESTRUCTURA TRONCO
PASO BAJO PFOC OF 3.7
Escala 1:100



PERALTE BERMA INTERIOR
ALINEACIÓN CURVA
FOCAL
PAIS

SECCIÓN TIPO EN ESTRUCTURA TRONCO
VIADUCTO RIO FERREDOIRA OF 5.0
Escala 1:100